



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

MARÍA DE LEMA 1/4

NOME DO DOCUMENTO: MPG_GaRo_0007_001_en_0_00_01_id3673_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_GaRo_0007_001_en_0_00_01_id3673.mp3
TIPO DE DOCUMENTO: Entrevista. Parte 1/4
MATERIAL DISPONÍBLE: Audio mp3 e ficha de contexto e transcripción
DURACIÓN: 07' 16"

DATA DA RECOLLIDA: Xoves, 23 de xullo de 1998, ás 16:35 da tarde

LOCALIZACIÓN: Casa da informante

Lugar/ aldea/ barrio: Bretal
Parroquia: Olveira (Santa María)
Concello: Ribeira
Provincia: A Coruña

- **INFORMANTE**

Nome: María de Lema
Data de nacemento: 1952 (46 anos)
Lugar de nacemento: Bretal, Olveira (Santa María), Ribeira

- **RECOLLEDOR/A:** Rosa García-Orellán
- **COMPILADORA:** Rosa García-Orellán
- **COLECCIÓN:** Rosa García-Orellán

NOTA DOS EDITORES

A presente entrevista forma parte das efectuadas pola antropóloga Dra. Rosa García Orellán como parte do traballo de campo da súa tese de doutoramento. As entrevistas foron estudadas e empregadas na elaboración de dito traballo pero este material pode ser analizado en moitos outros contextos. A Dra. García Orellán cedeu as súas gravacións orixinais en casete e as transcripcións que ela mesma fixera do seu contido ao APOI para que poidan ser compartidas con outras persoas interesadas.



TEMÁTICA DA ENTREVISTA

Conversa cunha muller que fala de asuntos diversos, destacando cuestións como a morte, os ofrecementos a santos, a súa boa relación co seu sogro, os traballos da muller como ama de casa, o coidado dos maiores, as actividades fóra da casa e o coidado que debe ter a muller da súa boa fama.

- Parte 1 (MPG_GaRo_0007_002_en_0_07_16_id3673)
De velorios na casa aos tanatorios. Diálogo cos defuntos.
- Parte 2 (MPG_GaRo_0007_002_en_0_07_16_id3674)
O casamento, a organización interxeracional da casa. O defunto da casa para interceder polo neto. A casa.
- Parte 3 (MPG_GaRo_0007_003_en_0_25_35_id3675)
A noite, o medo. A Santa Compañía.
- Parte 4 (MPG_GaRo_0007_004_en_0_48_38_id3676)
As portas da casa abertas no velorio e contar a vida do defunto. Quitar o aire.

CONTEXTO DA ENTREVISTA

Nota da autora da recolla: Onte, 23 de xullo de 1998, fomos á mañá miña nai e máis eu á casa de María de Lema para falar con ela, xa que ma recomendou miña prima D. Alí estiveron falando miña nai e súa nai, e quedamos en que iríamos á tarde. Ás catro e media da tarde alí estábamos, e recíbenos. É unha muller de estatura baixa, moi dinámica e rápida de pensamento; eu non a coñecía, pero ela a min si, e acordábase de cando eu estivera na escola aquí na aldea.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción foi realizada pola compiladora e revisada polo persoal do APOI. Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.

BIBLIOGRAFÍA CONSULTADA

GARCÍA ORELLÁN, Rosa (2001): *Hacia el encuentro de mi antrophos: la muerte dinamó estructural de la vida*. Bilbao. Ed. Universidad del País Vasco.

PALABRAS CHAVE

Velorio , velatorio , mortos , defuntos , misas , aniversario

TRANSCRICIÓN

DOS VELORIOS NA CASA AOS TANATORIOS. DIÁLOGO COS DEFUNTOS.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

María de Lema: Eu por min por unha parte estou a favor.

Rosa García Orellán: A favor do tanatorio?

M.: Si, por outra parte pensando na xente maior pois sei que vai haber problemas, porque a xente maior non está *acostumbrada* a este cambio. E eu tampouco estou *acostumbrada*. Por *ejemplo*, nin me gusta que a xente que este por *ejemplo* nese *pasillo*, que este ríndose e que estea pasándoo ben, porque queiras ou non é unha tontería, teste que rir e tes que falar toda a noite.

R.: Sempre hai algún chistoso ou?

M.: *No*, non é chistoso, Rosa. É a maneira de ser das *personas* e ti vés pola familia, naquel instante cando vés aos *velatorios* non vés pensado moitas veces no morto, o morto está morto, vés porque eu che *conoso* a ti e *oie* voulle facer un pouquiño de compañía a Rosa para que non este *sola*. Por outra parte, pois a chegar certa hora tiñamos que aprender a cerrar a porta e a xente pois tiñase que marchar para a súa casa e chegando aquela certa hora estar na *intimidá* co teu morto; estades?, acompañado pola túa familia e a xente que lle quere a aquela *persona* que está morta, *decindo oie* pois mira a min e... gustárame que *ahora* me dixera *esto*, ou preguntarlle *esto*, pero *ahora* non pode ser, *bueno*, pos... falando todo, cousa que *si ahora* estamos acompañados como estamos sempre non podemos falar as nosas cousas e hai veces que a familia deixa de falar as súas cousas na *intimidá* por culpa de que tela xente, que por outro lado apóiache porque *sin* amigos tampouco es nada. Eu *prefiero* ao mellor non ter unha familia así tal e tere os meus amighos, porque amighos hai moi poucos; amighos que podes *decirle* ti oes *eso*, non tes, e os que tes, telos que coidar moi coidados, porque son os que che poden apoiar a ti e axudarche a ti, e *decir* oies, pois mira, teño falta dunhas zapatillas; que ao mellor a calquera *persona* da túa familia non llo dis porque tes o teu orgullo, tes o que dirán, porque tes *eso* de que non quero que a miña cuñada se entere, que a miña irmán se entere do que tou pasando, pero *sin embargo*, vamos a supoñer, *ahora* que acabastes de *nombrar* a Juana, pois eu perfectamente si me pasara *calquer* cousa, ou *tuvera* falta de vinte pesos, porque *bueno*, pode ser, pois e... eu penso que aí está. Eu penso que llo diría. A morte aquí xa se leva mellor do que se levaba.

[Chega á sala o seu pai, e saúda.]



R.: Eu falín moito con Francisco, co cura daquí, e dime que aquí hai unha cousa que non hai noutras culturas da península, que é o feito de facer autos, autos por... autos polas ánimas, é *solamente* aquí en Galiza onde se fan esas cousas; hai moita cultura aos mortos, danse misas.

M.: Eu penso que... penso que aínda despois de morto, que é moi normal os *creyentes* que lle teñamos aquel respecto, que algo lle quixemos en vida, eu pola miña fe polo que levo dentro penso que temos *obligación* de darlle misas e *eso*. Porque despois, non hai despois, o regalo que lle podes facer... eu penso pola miña fe eh, non vou a estar dicíndolle pa fe dos demais, porque eu respecto Dios mío, hai *personas* que non son nin practicantes nin *creyentes* e amigos, non amigos destes de préstame unhas zapatillas eh, pero me ghusta ir, e eu respecto totalmente; *ahora* ben, eu dentro da miña fe... e así pasamos o que nos pasou, non creo desde que pasou *esto*, eu *creín* sempre, eu penso que alá hai almas, pa min penso que si, eles estannos escoitando, pa min que nos están escoitando e ao mellor desde alá apoiándonos, non sei como explicar *esto* pero penso que nos temos que respectar e que... e o que non me gusta a min así moito é esa esaxeración de flores e esas cousas, é ghastar cartos; si, recordalos si, é como o día do meu santo. O día do meu santo meus fillos non o pasan por alto, o *cumpleanos* *eso* xa é sagrado.

R.: E o santo tamén?

M.: O santo pois máis ou menos dinme felicidades mamá e tal, o *cumpleanos* pa eles é un ano que vivo eu con eles, *eso* pa eles pa os meus fillos... e eu a principio cando empezaron e crecer non, non lle collía así o conto dos *cumpleanos*, pa min que era mellor o santo, pero a xente *ahora* de maneira que está, ten máis cultura ca nós, de *eso* non cabe *duda*, e todo *eso*, pero eles os tres, eles queren... ese é un ano máis que pasou mamá con nós, un ano máis que lle vamos facer á mamá o regalo. Agora chega o día do meu santo e ao mellor nin regalo, *felicidades* mamá invítanos a comer; o que nos vas facer hoxe de comer? *Eso* é o único que me está a dicir, *ahora* o día do *cumpleanos* míranme así como se *tuveramos* espectadores así de bonito. Dicindo a ver si outro ano máis o pasamos con miña nai. Pero eu xa che digho, eu neste tema de, sempre que morre aí...

R.: Ti *soles* dar misas polos *difuntos*?

M.: Si.

R.: E *soles* rezar ás noites por eles?

M.: Si, si, tamén. E, por *ejemplo*, que ao mellor moita xente *esto no* di, *no* di porque... non sei si... si eu ao mellor fun diferente á xente...; eu falo co meu sogro cando chego alí como si fora... como *si estivera* vivo.



R.: *Dónde?*

M.: No *cementerio*, no *cementerio*.

R.: Ah, cando vas ao *cementerio*, xa, xa. Co sogro?

M.: Si, si co sogro. Foi parte moi importante...

Segue en MPG_GaRo_0007_002_en_0_07_16_id3674